Galicia Encantada



ÁREA RE-CREATIVA

CATEGORÍAS RELACIONADAS

VALCÁRCEL GIL, Xurxo L.: A Noite do Apalpador

Esta noite feiticeira,

loguiño de te durmir,

entre a neve silandeira

o apalpador ha de vir.

Baixará dende a Rogueira,

devesa moi misteriosa,

onde habitan a bidueira

e a faia máis preciosa.

Por Campelo pasará,

por Mostaz e por Moreda,

en Esperante estará,

e tamén irá a Noceda.

Por Pacios, por Mercurín,

Por Folgoso e a Seara...

como non, Ferramulín,

igual verá a súa cara.

Cubrirao a nevarada,

a boina branca terá,

e a toda casa abrigada

a sorpresa levará.

O carboeiro impoñente

moitos traballiños ten,

palpar barrigas da xente

e facer carbón moi ben.

Os rueiros serán seus

na xeada escuridade,

entrará en casa dos teus

coa súa inmensa bondade.

Irá polo corredor

sen facer ningún ruído,

retirará o cobertor

por ver quen está durmido.

Sexas neno ou rapariga,

durante a noite cumprida,

tocarache na barriga

e verá que está mantida.

E con agarimo fondo,

dende o seu corazón puro,

pedirá falar dondo

que non teñas porvir duro.

E ó acordares co abrente

sentirás un arrecendo,

de castañas, seu presente,

que poderás ir comendo.

Non busques logo a compaña

de quen che quere mantenza,

pois xa estará na montaña

na cabana da fervenza.

Sempre alí con Novoneyra,

o cantor dos tesos cumes,

sentados xunto á lareira

quecendo con moi bos lumes.

+ sobre o **Apalpador/ Apalpadoira**: Apalpador, Apalpador (poema), Apalpador (apuntamentos), Pandigueiro, Apalpadoira, Apalpador (novo testemuño).